



## O Parlamento recibe a visita dun grupo de universitarios alemáns e profesores de varios países que participan nun intercambio en Ourense

**Santiago, 17 de abril de 2013.-** O Parlamento de Galicia recibiu esta mañá a visita dun grupo de universitarios alemáns, e profesores de Alemaña, Italia e Estados Unidos, que estes días participan nun intercambio coa Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo de Ourense.

Na visita tamén participaron profesores de Ourense e representantes da Consellería de Educación e Cultura. Durante o percorrido, recibiron explicacións sobre o funcionamento do Parlamento de Galicia.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.